

8 DE MARZO

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

¿Por que celebramos este día?

Esta celebración conmemora dous feitos fundamentais na loita polos dereitos das mulleres:

1.- A trágica morte en 1908 en Nova York de 129 traballadoras da industria textil que reclamaban melloras laborais.

2.- A mobilización feminina polo dereito ao voto desde comezos do S XX.

O Partido Socialista Americano celebrou o *Woman's Day* por primeira vez en 1909.

A celebración deste día é unha ocasión para repasar canto temos avanzado a favor da igualdade e canto debemos seguir avanzando a favor das mulleres en todo o mundo.

A resolución 32/142 da ONU do 16 de decembro de 1977 di :” Convócase a todos os países a celebrar o Día Internacional da Muller de acordo coas súas tradicións e costumes nacionais.”

Como educadoras e educadores comprometidos coa formación do noso alumnado, sería apropiado e moi importante contribuír cos nosos medios e coas nosas propostas a un maior coñecemento da historia das mulleres e da loita polos seus dereitos.

A Dirección do centro, coa colaboración do Dpto. de Orientación e do profesor responsable da Educación para a igualdade de homes e mulleres no seo do Consello Escolar, elaboramos unha proposta de traballo para os vindeiros días, que pode concretarse en tres liñas de actuación: actividades para o alumnado 2º e 4º de ESO e 1º de Bacharelato, realizadas polo Dpto. de Filosofía, actividades para o alumnado de 1º e 3º de ESO, desde o Dpto. de Educación Plástica e Visual; e os Obradoiros de Corresponsabilidade dirixidos ao alumnado de 1º de ESO, impartidos de xeito voluntario por un grupo de profesoras e profesores do centro coa colaboración de membros da ANPA.

Ademais facemos un chamamento a todo o profesorado do centro para que ao longo do mes de marzo contribúa, dentro das súa práctica docente e do xeito que considere máis adecuado e oportuno, a mellorar a situación da muller na sociedade actual, axudando a poñer un chanzo máis na difícil tarefa de acadar unha verdadeira igualdade de dereitos e deberes entre homes e mulleres.

Lembrede que tedes á vosa disposición diversos materiais sobre este tema na Biblioteca do centro e na nosa páxina web iesxunqueira1.com

Moitas grazas pola vosa colaboración.

1 de marzo de 2010

A DIRECCIÓN